



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Monciro (Castroverde e Pol, Lugo), promovido por EÓLICA GALAICOASTURIANA, S.A. clave 2011/0065,

EXPÓN:

1. Que de acordo co "*Documento ambiental*" non afectaría a hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea pero si ás zonas tampón e de transición da Reserva da Biosfera "Terras do Miño".
2. Que no "*Documento ambiental*" non se facilitan argumentos técnicos nin ambientais para limitar a 1000 kW a potencia dun dos 21 aeroxeneradores (de 2000 kW de potencia nominal).
3. Que, de acordo co "*Documento ambiental*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 12 especies de vertebrados catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Rana temporaria*, *Hyla arborea*, *Milvus migrans*, *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Hieraetus fasciatus*, *Falco peregrinus*, *Bubo bubo*, *Lanius collurio*, *Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus hipposideros*, *Rhinolophus ferrumequinum*).

SOLICITA:

Que o proxecto de Parque Eólico Monciro (Castroverde e Pol, Lugo), promovido por EÓLICA GALAICOASTURIANA, S.A. clave 2011/0065, se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Facilite os argumentos técnicos e/ou ambientais para limitar a 1000 kW a potencia dun dos 21 aeroxeneradores (de 2000 kW de potencia nominal).
2. Avalíe os efectos sobre a Reserva da Biosfera "Terras do Miño".
3. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. *Rana temporaria*, *Hyla arborea*, *Galemys pyrenaicus*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Milvus migrans*, *Circus cyaneus*, *Circus pygargus*, *Hieraetus fasciatus*, *Falco peregrinus*, *Bubo bubo*, *Lanius collurio*, *Rhinolophus hipposideros*, *Rhinolophus ferrumequinum*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
4. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 21 de xuño de 2011